

Anuncio polo que se procede a dar publicidade á Resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde do 28 de setembro de 2005, pola que se anuncian os prazos da convocatoria automática prevista para selección temporal nas categorías de médico de familia, pediatra, matrona, persoal de enfermería e cociñeiro nas institucións sanitarias do Sergas.

A citada convocatoria automática para presentación de solicitudes á selección temporal no SERGAS nas categorías de médicos de familia, pediatras, matronas, enfermeiros/as (ATS/DUE) e cociñeiros está prevista na norma xeral 6.3.1 do Pacto de selección temporal publicado no Diario Oficial de Galicia nº 104 de 1 de xuño. Tamén está recollida na disposición novena da convocatoria publicada no DOG nº 113 de 14 de xuño de 2004.

O prazo para o achegamento de solicitudes está fixado dende o día 1 ata o día 15 de outubro de 2005, incluídos ambos os dous días, nas categorías de médico de familia, matrona, pediatra, cociñeiro e persoal diplomado en enfermería.

Os modelos normalizados de solicitude estarán a disposición dos interesados nas Direccións Provinciais do Sergas e na páxina web do Sergas (www.sergas.es)

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2005

**O director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional**

Antonio José Fernández Paniagua